

en

Vilaboa

Bértola

FESTIVAL
dos MAIOS

Domingo día 1 de Maio
ás 12:00 horas.

Campo da festas
Bértola


- PREMIOS -

1º Premio 120 €
2º Premio 60 €
3º Premio 30 €



Concello de Vilaboa
Concellería de cultura

Colabora: ASOCIACIÓN
DE VECIÑOS
*Sta. Columba
de Bértola*



BASES REGULADORAS DO CONCURSO DOS MAIOS

1. Establécese o concurso para rapaces/zas de calquera idade. A inclusión ou non de persoas que abranguen máis idade queda a expensas da decisión do xurado.
2. Baixo ningún concepto haberá distincións ou prexuízos por cuestións de raza, relixión ou sexo.
3. A falta de respecto verbal ou física co xurado ou demais Maios participantes, poderá levar consigo a descalificación se o xurado así o considera pertinente.
4. O xurado estará composto:
 - a. O concelleiro de Cultura de Vilaboa, ou persoa en quen delegue.
 - b. Un membro da Asociación de Veciños de Bértola, ou persoa en quen delegue.
 - c. Técnico municipal, ou persoa en quen delegue.

A ausencia dalgún destes membros do xurado poderá ser compensada coa inclusión ou aumento de membros das demais entidades participantes.

5. O xurado puntuará os Maios nos seguintes aspectos:
 - a. Mellor letra: será de libre contido político, social, ... valorándose a calidade das mesmas, en canto ao carácter crítico, irónico e sarcástico do texto, atendendo aos valores da nosa "tradicional" retransca galega.
 - b. Mellor canto: puntuarase a calidade do canto tanto a nivel individual (intérprete) coma no conxunto, atendendo sobre todo á entoación, forza e o carácter amónico do conxunto do maio.
 - c. Mellor Maio: puntuarase neste apartado tanto os adornos e aspecto exterior coma no interior, sen excluír ningún elemento que enriqueza o mesmo **(PARTINDO SEMPRE DO RESPECTO Á FORMA TRADICIONAL DOS MAIOS DE VILABOA, QUE É A CÓNICA)**. OUTROS MAIOS NON SERÁN VALORADOS NESTE APARTADO.
6. A votación será por cada un dos aspectos a valorar, de xeito individual e sumarase o conxunto para establecer os gañadores do concurso.
7. A decisión do xurado será inapelable, e as posibles reclamacións deberán ser dirixidas á Concellería de Cultura do Concello de Vilaboa, que dará resposta ás mesmas nun período razoable de tempo.
8. Os premios serán os seguintes:
 - 1º premio: 120 €, ao Maio que reúna a mellor puntuación sobre o total.
 - 2º premio: 60 euros.
 - 3º premio: 30 euros.

9. O xurado ten potestade para que, no caso de considerar que o nivel amosado polos Maios participantes non acada o nivel esixido, declarar deserto o concurso.

10. Os Maios deben de estar media hora antes do inicio do Concurso.

11. A participación no concurso acarrea sistematicamente a aceptación destas bases.